

ÁMBITO

Localidade	Teo
Comarca	Compostela
Lugar de realización	Mediateca do Grilo

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	26
Nº de non militantes asistentes	10
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

<i>Persoas a cargo das que recae a explicación do proceso</i>	
A nivel local	Renato Núñez
Representante do Consello Nacional	Ruben Cela

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	Dúas horas
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Distendido e constructivo. Con participación dos/as militantes e simpatizantes.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Comisión de expertos/as na situación do idioma para actualizar o noso discurso e práctica relacionada co idioma

Comisión de Comunicación para lograr achegar o noso discurso á cidadanía

Ter en conta a incidencia actual do antiespecismo

Avanzar nas fórmulas de participación das persoas non afiliadas

Con carácter xeral:

Radiografía da Galiza de hoxe

Perdemos a capacidade de análise que nos permitía ter unha visión de futuro e adiantarnos á evolución da cidadanía. A Sociedade está avanzado e non estamos sendo áxiles á hora de dar respostas a novos retos.

Non estamos reaccionando aso ataques ao idioma como facíamos con anterioridade. Tampouco aos ataques que se están dando no ámbito cultural.

Mirado con perspectiva, pode que non fora acertado apoiar o plan de normalización lingüística. O noso discurso sobre o idioma está obsoleto. Temos que lograr un maior programación cultural e actividades relacionadas co idiomas dirixidas aos cativos/as.

Temos que defender a nosa simboloxía e evitar a perda de terreo que supón os vetos que estamos sufrindo.

O BNG ten que esforzarse en estar presente de forma activa nas iniciativas que se fomentan desde outras organizacións.

Temos que ter unha visión actual en relación cos sectores produtivos baseados na explotación de animais, tendo en conta o avance do antiespecismo e contar coas organizacións que traballan nese campo.

O TTIP supón un dos maiores retos tendo en conta as imposicións que establece. Fundamental combatelo.

Somos unha organización participativa. As críticas externas non están fundamentadas. Si que escoitamos á cidadanía.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Estratexia política do nacionalismo galego

Dirixirmos ao colectivos antiespecistas
Ter en conta o peso actual dos sectores produtivos
Incidir no discurso dirixido aos desempregados/as, fundamentalmente á xuventude desempregada
Incidir no discurso soberanista
Defender o ferrocarril lixeiro como alternativa ao peche de vías.
Fomentar as conexión interiores.
Temos que dar un discurso onde vendamos o que realizamos e flaxelarnos menos
Defensa da cultura propia
Manter as participacións nas causas xustas aínda que non dean réditos políticos.

Participación política e modelo organizativo

Valorar as formulas de participación de non afiliados/as
Frontismo sen cotas de partidos políticos nos órganos.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

--